

Temporada
de abono

25/26

14/11/25
V06

15/11/25
S03



Olatz Ruiz De Gordejuela *concertino y directora*


SINFÓNICA
DE GALICIA

Abono

VO6/SO3

📍 Palacio de la Ópera
A Coruña

🕒 20h

14/11/25

VO6

I

GUSTAV HOLST (1874-1934)

Suite St Paul's, op. 29 n.º 2 (12')*

Jig
Ostinato
Intermezzo
Finale

15/11/25

SO3

EDWARD ELGAR (1857-1934)

Serenata para cuerdas en mi menor, op. 20 (12')*

Allegro
Larghetto
Allegretto

II

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI (1840-1893)

Serenata para cuerdas en do mayor, op. 48 (28')

Pezzo in forma di sonatina
Vals
Élégie
Finale (Tema ruso)

ANDRÉS GAOS (1874-1959)

Impresión nocturna (13')

Olatz Ruiz De Gordejuela *concertino y directora*

*primera vez por la OSG

Na orquestra de cordas cada liña respira cunha claridade camerística mentres o conxunto acada densidades orquestrais. Esta noite, catro compositores amosan como ese formato aparentemente modesto pode conter universos completos. Holst transformou un traballo escolar nun laboratorio onde os ritmos irregulares e as melodías folclóricas abren portas cara ao transcendente. Elgar destila a melancolía inglesa na súa forma máis pura. Gaos traduce o impresionismo francés ao temperamento atlántico galego. Finalmente, Chaikovski, nun dos momentos máis luminosos da súa biografía, reconciliou o clasicismo idealizado coa alma eslava. Un viaxe unido por esa procura común: facer cantar as cordas sen artificios nin grandilocuencia.

Gustav Holst (1874-1934)

Suite St Paul's, op. 29 n.º 2 (1912-1913)

Nos anos previos á Primeira Guerra Mundial, mentres a música europea se debatía entre o posromantismo e as vangardas, Holst traballaba nun colexio feminino do oeste de Londres. Alí escribiu unha das obras máis luminosas do seu catálogo: a *Suite St Paul's*. Concibida para as súas alumnas, a obra transcende o ámbito escolar. Holst viu nese conxunto modesto un laboratorio sonoro: un espazo no que poñer a proba unha linguaxe moderna con recursos limitados, sen renunciar á ambición artística. O compositor buscaba unha voz propia, asentada en modos antigos, música tradicional, ritmos irregulares e unha escritura transparente que rexeita a densidade sinfónica. No primeiro movemento, «Jig», a alternancia entre compases de 6/8 e 9/8 rompe a regularidade da danza e mantén viva a tensión interna, mentres a textura orquestral se conserva lixeira e precisa. O «Ostinato» é o corazón da suite: os segundos violíns sosteñen un patrón invariable sobre o que se desliza a melodía principal. No «Intermezzo» aflora un lirismo diferente, case pastoral. O «Finale» entrelaza dúas melodías do século XVI —a danza *The Dargason* e a coñecida *Greensleeves*— nunha textura contrapuntística que funde pasado e presente. A súa superposición encarna a idea de continuidade histórica que percorre parte da música desta época: a convicción de que o antigo podía renacer baixo o impulso dunha nova enerxía formal.

Un colexio con sala de experimentos

O *St Paul's Girls' School* era, a comezos do século XX, unha institución singular. Fundado para ofrecer unha educación de alto nivel a mulleres, contaba cun auditorio e, desde 1913, cunha sala de música insonorizada construída especialmente para o seu director musical. Nesa estancia, coñecida como *the soundproof room* e deseñada polo arquitecto Charles Voysey, Holst compoñía durante as fins de semana e as vacacións. Alí naceron, ademais da *Suite St Paul's*, páxinas como *Os planetas* ou *Hammersmith*.

CUERDAS SIN FRONTERAS

En la orquesta de cuerdas cada línea respira con claridad camerística mientras el conjunto alcanza densidades orquestales. Esta noche, cuatro compositores demuestran cómo ese formato aparentemente modesto puede contener universos completos. Holst transformó un trabajo escolar en un laboratorio donde ritmos irregulares y melodías folklóricas abren puertas hacia lo trascendente. Elgar destila la melancolía inglesa en su forma más pura. Gaos traduce el impresionismo francés al temperamento atlántico gallego. Finalmente, Chaikovski, entonces en uno de los momentos más luminoso de su biografía, reconcilió el clasicismo idealizado con el alma eslava. Un viaje unido por esa búsqueda común: hacer cantar a las cuerdas sin artificios ni grandilocuencia.

Gustav Holst (1874-1934)

Suite St Paul's, op. 29 n.º 2 (1912-1913)

En los años anteriores a la Primera Guerra Mundial, mientras la música europea se agitaba entre el posromanticismo y las vanguardias, Holst trabajaba en un colegio femenino del oeste de Londres. Allí escribió una de las obras más luminosas de su catálogo: la *Suite St Paul's*. Concebida para sus estudiantes, la obra trasciende el ámbito escolar. Holst vio en aquel conjunto modesto un laboratorio sonoro: un espacio donde poner a prueba un lenguaje moderno con recursos limitados, sin renunciar a la ambición artística. El compositor buscaba una voz propia, asentada en modos antiguos, música tradicional, ritmos irregulares y una escritura transparente que rehúye la densidad sinfónica. En el primer movimiento, «Jig», la alternancia entre compases de 6/8 y 9/8 rompe la regularidad de la danza y mantiene viva la tensión interna, mientras la textura orquestal se mantiene ligera y precisa. El «Ostinato» es el corazón de la suite: los segundos violines sostienen un patrón invariable sobre el que se desliza la melodía principal. En el «Intermezzo» aflora un lirismo diferente, casi pastoral. El «Finale» entrelaza dos melodías del siglo XVI —la danza *The Dargason* y la conocida *Greensleeves*— en una textura contrapuntística que funde pasado y presente. Su superposición encarna la idea de continuidad histórica que atraviesa una parte de la música de esta época: la convicción de que lo antiguo podía renacer bajo el impulso de una nueva energía formal.

Un colegio con una sala de experimentos

El St Paul's Girls' School era, a comienzos del siglo XX, una institución singular. Fundado para ofrecer educación de alto nivel a mujeres, contaba con un auditorio y, desde 1913, con una sala de música insonorizada construida especialmente para su director musical. En esa estancia, conocida como *the soundproof room* y diseñada por el arquitecto Charles Voysey, Holst componía durante los fines de semana y las vacaciones. Allí nacieron, además de la *Suite St Paul's*, páginas como *Los planetas* o *Hammersmith*.

Edward Elgar (1857–1934)

Serenata para cordas en mi menor, op. 20 (1892)

Elgar compuxo esta serenata aos 35 anos, cando era aínda un músico de provincia que soñaba con abrirse paso en Londres. Escrita arredor de 1892, a obra anuncia con claridade o compositor maduro das *Variacións Enigma* ou *O soño de Xeronte*: esa voz que nos chega da Belle Époque, elegante e melancólica, que mestura, dun modo moi persoal, reserva e emoción contida. A súa escala modesta permítelle ensaiar unha escritura de transparencia camerística, onde, como acontece coas restantes obras deste concerto, cada liña conserva independencia sen perder en ningún momento a unidade do conxunto. A música flúe cunha naturalidade que semella instintiva, como se respirase o aire morno do campo inglés. Elgar elabora un lirismo íntimo, feito de curvas melódicas e tensións suaves. Os tres movementos equilibran graza e profundidade: un «Allegro» inicial que se desprega sen esforzo, un «Larghetto» central de serena intensidade e un final lixeiro, case pastoral. Nese movemento lento —un dos máis fermosos de todo o repertorio para cordas— latexa a esencia de Elgar: nostalxia transformada en pureza sonora. O movemento final, *Allegretto*, devolve a lixeireza inicial co seu pulso danzante. O compositor dirixiuna en numerosas ocasións, e nela vía, segundo confesou, algo do mellor que escribira.

Andrés Gaos (1874–1959)

Impresión nocturna

Gaos, formado en Bruxelas, Madrid e Bos Aires, foi unha figura cosmopolita: violinista virtuoso, director e pedagogo, viviu boa parte da súa vida na Arxentina. Na súa produción, *Impresión nocturna* ocupa un lugar singular como síntese de influencias europeas e afirmación dunha voz propia. Tamén transmite nela a sensibilidade adquirida como violinista formado na escola franco-belga de Danclá e Ysaÿe, perceptible na naturalidade coa que respiran as voces e na fusión dos timbres das cordas. A idea que Gaos tiña do virtuosismo —máis expresivo ca brillante— transfórmase aquí en refinamento colectivo. O título xa anuncia o seu programa: non se trata dun *nocturno* no sentido tradicional, senón dunha impresión, dunha sensación fugaz que se dissolve mentres soa. A orquestra de cordas convértese nun espazo de matices: densidades que medran e se apagan, acordes que se disolven, melodías que xorden e se transforman aspirando ao infinito. A continuidade melódica combínase cunha harmonía fluída que evita cadencias firmes, creando un tempo suspendido máis ca narrativo. O compositor galego non imita a Debussy nin a Ravel, nin tampouco a Wagner: aslaos nunha linguaxe propia onde o tempo semella deterse, como se a música existise só no puro presente.

Edward Elgar (1857–1934)

Serenata para cuerdas en mi menor, op. 20 (1892)

Elgar compuso esta serenata a los 35 años, cuando era todavía un músico de provincia que soñaba con abrirse paso en Londres. Escrita hacia 1892, la obra anuncia con claridad al compositor maduro de las *Variaciones Enigma* o *El sueño de Geronte*, esa voz que nos llega de la Belle Époque, elegante y melancólica y que mezcla, de forma muy personal, reserva y emoción contenida. Su escala modesta le permite ensayar una escritura de transparencia camerística, donde, como ocurre en las restantes obras de este concierto, cada línea conserva independencia sin perder en ningún momento la unidad del conjunto. La música fluye con una naturalidad que parece instintiva, como si respirara el aire templado del campo inglés. Elgar elabora un lirismo íntimo, hecho de curvas melódicas y tensiones suaves. Los tres movimientos equilibran gracia y profundidad: un «Allegro» inicial que se despliega sin esfuerzo, un «Larghetto» central de serena intensidad y un final ligero, casi pastoral. En ese movimiento lento —uno de los más bellos de todo el repertorio para cuerdas— late la esencia de Elgar: nostalgia transformada en pureza sonora. El movimiento final, «Allegretto», devuelve la ligereza inicial con su pulso danzante. El compositor la dirigió en numerosas ocasiones. En ella veía, según confesó, algo de lo mejor que había escrito.

Andrés Gaos (1874–1959)

Impresión nocturna

Gaos, formado en Bruselas, Madrid y Buenos Aires, fue una figura cosmopolita: violinista virtuoso, director y pedagogo, vivió buena parte de su vida en Argentina. En su producción, *Impresión nocturna* ocupa un lugar singular como síntesis de influencias europeas y afirmación de una voz propia. También traslada en ella la sensibilidad adquirida como violinista formado en la escuela franco-belga de Danclá y Ysaÿe, perceptible en la naturalidad con que respiran las partes y en la fusión de los timbres de las cuerdas. La idea que Gaos tenía del virtuosismo —más expresivo que brillante— se transforma aquí en refinamiento colectivo. El título ya anuncia su programa: no se trata de un «nocturno» en el sentido tradicional, sino de una impresión, una sensación fugaz que se disuelve mientras suena. La orquesta de cuerdas se convierte en un espacio de matices: densidades que crecen y se apagan, acordes que se disuelven, melodías que emergen y se transforman aspirando al infinito. La continuidad melódica se combina con una armonía fluida que evita cadencias firmes, creando un tiempo suspendido más que narrativo. El compositor gallego no imita a Debussy ni a Ravel, ni tampoco a Wagner: los asimila en un lenguaje propio donde el tiempo parece detenerse, como si la música existiera solo en el puro presente.

Piotr Ilich Chaikovski (1840–1893)

Serenata para cordas en do maior, op. 48 (1880)

Chaikovski compuxo a súa *Serenata para cordas* en 1880, nun momento de transición vital e artística. Tras o fracaso do seu matrimonio e o abandono do Conservatorio de Moscova, decidiu vivir como compositor independente. A estabilidade económica chegou grazas á xenerosa pensión anual da viúva Nadezhda von Meck, con quen mantivo unha intensa correspondencia sen chegar nunca a coñecela en persoa. Esa relación espiritual deulle o equilibrio necesario para dedicarse plenamente á creación durante varios anos nos que viaxou entre Suíza, Italia e París. Nese contexto xorde a *Serenata*, unha obra escrita, segundo confesou, «con amor». O primeiro movemento, «Pezzo in forma di sonatina», ábrese cun solemne coral das cordas graves, frase ampla e diatónica que establece o ton nobre e transparente da obra. Esa introdución funciona como motivo xerador: reaparecerá ao final do cuarto movemento, pechando a serenata como un arco. O célebre *Vals* destila melancolía danzante; a «*Élégie*» central, unha das súas páxinas máis populares, desprega un canto de clima introspectivo. O «Finale (Tema ruso)» devolve a enerxía inicial cunha vitalidade rítmica de raíz popular. O tema, tomado dunha canción rusa do século XIX, preséntase con impulso case folclórico, pero axiña se transforma a través de secuencias e modulacións que o elevan a un plano universal. En perspectiva, a *Serenata para cordas* pertence ao centro luminoso da súa biografía. Estreouse en San Petersburgo en 1881 con enorme éxito e axiña se converteu nunha das obras máis interpretadas do autor. Ao longo da década seguinte, Chaikovski consolidou o seu prestixio en toda Europa: dirixiu en Praga, Viena e Leipzig, coñeceu a Brahms, Dvořák e Grieg, e en 1888 o tsar Alexandre III outorgoulle unha pensión vitalicia que selou a súa condición de figura nacional. Desde o seu retiro en Klin alternou tempadas de intensa creación con xiras como director. Morreu en 1893, en circunstancias trágicas, pouco despois da estrea da súa célebre *Sexta sinfonía*.

A tipoloxía da serenata romántica

Xunto coa *Serenata para cordas* de Dvořák, programada nun concerto anterior, e coa de Elgar desta noite, a de Chaikovski completa unha triloxía fascinante. Dvořák atopou na serenata un espazo de intimidade expandida: a dozura da música doméstica convertida en lirismo sinfónico. Elgar empregouna para, en ton nostálgico, afirmar a madurez dunha tradición británica que podía dialogar coa herdanza xermánica. Chaikovski levou o xénero a un nivel de síntese formal: converteu a serenata nunha construción cíclica, unificada pola reaparición do coral inicial e por unha lóxica interna que transcende a sucesión de movementos.

Piotr Ilich Chaikovski (1840–1893)

Serenata para cuerdas en do mayor, op. 48 (1880)

Chaikovski compuso su *Serenata para cuerdas* en 1880, en un momento de transición vital y artística. Tras el fracaso de su matrimonio y el abandono del Conservatorio de Moscú, decidió vivir como compositor independiente. La estabilidad económica le llegó gracias a la generosa pensión anual de la viuda Nadezhda von Meck, con quien mantuvo una intensa correspondencia sin llegar nunca a conocerla en persona. Esa relación espiritual le dio el equilibrio necesario para dedicarse plenamente a la creación durante varios años en los que viajó entre Suiza, Italia y París. En ese contexto surge la *Serenata*, una obra escrita, según confesó, «con amor». El primer movimiento, «Pezzo in forma di sonatina», se abre con un solemne coral de las cuerdas graves, frase amplia y diatónica que establece el tono noble y transparente de la obra. Esa introducción funciona como un motivo generador: volverá al final del cuarto movimiento, cerrando la serenata como un arco. El célebre «Vals» destila melancolía danzante; la «*Élégie*» central, una de sus páginas más populares, despliega un canto de clima introspectivo. El «Finale» (Tema ruso) devuelve la energía inicial con una vitalidad rítmica de raíz popular. El tema, tomado de una canción rusa del siglo XIX, se presenta con impulso casi folclórico, pero pronto se transforma a través de secuencias y modulaciones que lo elevan a un plano universal. En perspectiva, la *Serenata para cuerdas* pertenece al centro luminoso de su biografía. Se estrenó en San Petersburgo en 1881 con enorme éxito, y pronto se convirtió en una de las obras más tocadas de su autor. A lo largo de la década siguiente, Chaikovski consolidó su prestigio en toda Europa: dirigió en Praga, Viena y Leipzig, conoció a Brahms, Dvořák y Grieg, y en 1888 el zar Alejandro III le otorgó una pensión vitalicia que selló su condición de figura nacional. Desde su retiro en Klin alternó temporadas de intensa creación con giras como director. Murió en 1893, en circunstancias trágicas, poco después del estreno de su célebre *Sexta sinfonía*.

La tipología de la serenata romántica

Junto con la *Serenata para cuerdas* de Dvořák, programada en un concierto anterior, y la de Elgar de esta noche, la de Chaikovski completa una trilogía fascinante. Dvořák encontró en la serenata un espacio de intimidad expandida: la dulzura de la música doméstica convertida en lirismo sinfónico. Elgar la utilizó para, en tono nostálgico, afirmar la madurez de una tradición británica que podía dialogar con la herencia germánica. Chaikovski llevó el género a un nivel de síntesis formal: convirtió la serenata en una construcción cíclica, unificada por la reaparición del coral inicial y por una lógica interna que trasciende la sucesión de movimientos.

Teresa Cascudo

Catedrática del Área de Música de la Universidad de La Rioja

Colabora con la OSG escribiendo notas de programa desde 1998

8

Abono
Venres / Sábado

Olatz Ruiz de Gordejuela

concertino y directora

Nada en 1997, Olatz é concertino da Orquestra Sinfónica de Galicia desde 2025. É membro da Orquestra Sinfónica de Londres desde 2024 e foi integrante da Orquestra da Gewandhaus de Leipzig ata 2023.

Formouse na Cátedra de Violín de Zakhar Bron e Yuri Volguin na Escuela Superior de Música Reina Sofía de Madrid, onde foi integrante do Cuarteto Iberia baixo a titoría de Heime Müller. Anteriormente estudara coa profesora Keiko Wataya. Completou os seus estudos na Universidade Mozarteum de Salzburgo coa profesora Klara Flieder, obtendo as máis altas cualificacións.

A súa paixón pola música orquestral e de cámara levouna a formar parte da academia da Orquestra do Concertgebouw de Ámsterdam durante a tempada 2019–2020, onde tivo como mentora a Tabea Zimmermann e colaborou coa Camerata RCO en numerosas xiras.

Colaborou con destacados artistas como Leonidas Kavakos, Ferenc Rados, Shmuel Ashkenasi, Nicolás Chumachenco, Vadim Gluzman, entre outros.



Nacida en 1997, Olatz es concertino de la Orquesta Sinfónica de Galicia desde 2025. Es miembro de la Orquesta Sinfónica de Londres desde 2024 y fue integrante de la Orquesta de la Gewandhaus de Leipzig hasta 2023.

Se formó en la Cátedra de Violín de Zakhar Bron y Yuri Volguin en la Escuela Superior de Música Reina Sofía de Madrid, donde fue integrante del Cuarteto Iberia bajo la tutela de Heime Müller. Anteriormente había estudiado con la profesora Keiko Wataya. Completó sus estudios en la Universidad Mozarteum de Salzburgo con la profesora Klara Flieder, obteniendo las más altas calificaciones.

Su pasión por la música orquestal y de cámara la llevó a formar parte de la academia de la Orquesta del Concertgebouw de Ámsterdam durante la temporada 2019–2020, donde tuvo como mentora a Tabea Zimmermann y colaboró con la Camerata RCO en numerosas giras.

Ha colaborado con destacados artistas como Leonidas Kavakos, Ferenc Rados, Shmuel Ashkenazi, Nicolás Chumachenco, Vadim Gluzman, entre otros.

ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA

VIOLINES I

Olatz Ruiz de Gordejuela Aguirre*****
Massimo Spadano*****
Ludwig Dürichen****
Iana Antonyan
Sara Areal Martínez
Ruslan Asanov
Caroline Bournaud
Gabriel Bussi
Regina Laza Pérez-Blanco
Dominica Malec Andruszkiewicz
Dorothea Nicholas
Ángel E. Sánchez Marote
Mihai Andrei Tanasescu Kadar
Florian Vlashi
Roman Wojtowicz

VIOLINES II

Fumika Yamamura***
Adrián Linares Reyes***
Gertraud Brilmayer
Lylia Chirilov
Marcelo González Kriguer
Deborah Hamburger
Enrique Iglesias Precedo
Helle Karlsson
Gregory Klass
Stefan Marinescu
Diana Poghosyan Mirzoyan

VIOLAS

Eugenia Petrova***
Francisco Miguens Regozo***
Andrei Kevorkov*
Raymond Arteaga Morales
Alison Dalglish
Despina Ionescu
Jeffrey Johnson
Jozef Kramar
Luigi Mazzucato
Karen Poghosyan
Wladimir Rosinskij

VIOLONCHELOS

Rouslana Prokopenko***
Raúl Mirás López***
Gabriel Tanasescu*
M^a Antonieta Carrasco Leiton
Andrea Fernández Ponce
Berthold Hamburger
Scott M. Hardy
Florence Ronfort
Ramón Solsona Massana

CONTRABAJOS

Diego Zecharies***
Todd Williamson*
Mario J. Alexandre Rodrigues
Douglas Gwynn
Jose F. Rodrigues Alexandre

FLAUTAS

Claudia Walker Moore***
M^a José Ortuño Benito**
Juan Ibáñez Briz*

OBOES

David Villa Escribano***
Carolina Rodríguez Canosa*

CLARINETES

Juan Antonio Ferrer Cerveró***
Iván Marín García**
Pere Anguera Camós*

FAGOTES

Steve Harriswangler***
Mary Ellen Harriswangler**
Alex Salgueiro *

TROMPAS

Nicolás Gómez Naval***
Marta Isabella Montes Sanz***
David Bushnell**
Manuel Moya Canós*
Amy Schimelmann*

TROMPETAS

Manuel Fernández Álvarez***
Thomas W. Purdie**
Javier Lasarte Puyuelo*

TROMBONES

Jon Etterbeek***
Óscar Vázquez Valiño***

TUBA

Jesper Boile Nielsen***

PERCUSIÓN

Fernando Llopis Mata***
José A. Trigueros Segarra**
José Belmonte Monar*
Alejandro Sanz Redondo*

ARPA

Celine C. Landelle***

MÚSICOS INVITADOS PARA ESTE PROGRAMA

VIOLÍN II

Nazaret Canosa Insúa

EQUIPO TÉCNICO - ADMINISTRATIVO

Gerente	Juan Antonio Cuéllar Sáenz
Secretario-interventor	Ángel David Murado Codesal
Jefa de gestión económica	María Salgado Porto
Coordinadora general	Ángeles Cucarella López
Jefe de producción	José Manuel Ageitos Calvo
Jefe de prensa y comunicación	Javier Álvarez Vizoso
Contable	José Antonio Anido Rodríguez
Archivo musical	Zita Tanasescu Kadar
Programas didácticos	Iván Portela López
Administración	Angelina Déniz García Noelia Reboredo Secades Ana María Ríos Pereiro María Belén Sánchez Carnota
Gerencia y coordinación	Inmaculada Sánchez Canosa
Secretaría de producción	Nerea Varela González
Prensa y comunicación	Lucía Sández Sanmartín
Regidores	Montse Bonhome Barreiro Daniel Rey Campaña
Auxiliar de archivo	Diana Romero Vila
Coordinación coros de la OSG	María García Sánchez
Auxiliar de regidor	David Barcón Goas

Próximos programas

Abono **VO7/Vilagarcía**

20/11/25

 Auditorio Municipal
Vilagarcía de Arousa

 20:30h

21/11/25

 Palacio de la Ópera
A Coruña

 20h

WOLFGANG AMADEUS MOZART

El rapto en el serrallo: obertura, K. 394

Sinfonía concertante para flauta oboe, fagot y
trompa en mi bemol mayor, K. 297b

ANTONÍN DVORÁK

Sinfonía nº 8 en sol mayor, op. 88

Claudia Walker Moore *flauta*

Carolina Rodríguez Canosa *oboe*

Steve Harriswangler *fagot*

Marta Montes Sanz *trompa*

Lucas Macías *director*

Festival amigos de la ópera

Teatro Colón
A Coruña

19h

05/12/25

CLAUDE DEBUSSY Pelleas et Mèlisande (Versión de concierto)

Sydney Mancasola (*Mèlisande*)

Edward Nelson (*Pelleas*)

Yakov Sgtrizhak (*Golaud*)

Igor Durlovski (*Arkel*)

Mónica Redondo (*Geneviève*)

Belén Vaquedo (*Yniold*)

Javier Agudo (*Medecin*)

Coro Gaos (*Fernando Briones, Dir.*)

Orquesta Sinfónica de Galicia

José Miguel Pérez Sierra, *Director*

Abono
VO8/vigo

11/12/25

 Teatro Afundación
Vigo

 20h

12/12/25

 Palacio de la Ópera
A Coruña

 20h

ANTON BRUCKNER

Sinfonía nº 5 en si bemol mayor

Eva Ollikainen *directora*

Orquesta Joven de la OSG

 Palacio de la Ópera
A Coruña

 20h

10/01/26

GIUSEPPE VERDI

La forza del destino: obertura

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI

Sinfonía nº 4 en la bemol mayor, op. 36

ORQUESTA JOVEN DE LA OSG

Director a determinar

EDITA

**Consortio para la Promoción
de la Música**

Glorieta de América, 3
15004 A Coruña - Galicia - España
T. 981 252 021

DISEÑO TEMPORADA 25-26

Marta Cortacans

MAQUETACIÓN

María Verín

TRADUCCIÓN

Orquesta Sinfónica de Galicia

FOTOGRAFÍA

@ Marco Borggreve

IMPRIME

ABANCA

SINFÓNICA DE GALICIA



SON FUTURO
programa educativo de la sinfónica de galicia

**Orquesta Sinfónica de Galicia
Consorcio para la Promoción de la Música**

Calle Riazor, 8 - 1º - 15004 A Coruña
981.25.20.21
info@sinfonicadegalicia.com

sinfonicadegalicia.com

